



CONCURSO «UN CONTO DE H. C. ANDERSEN EN BANDA DESEÑADA»

Con ocasión do DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL, a OEPLI e as súas seccións: Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX), Consejo General del Libro Infantil y Juvenil, Consell Català del Llibre Infantil i Juvenil (ClijCAT) e Galtzagorri Elkartea, co patrocinio do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, convoca o concurso «Un conto de H. C. Andersen en banda deseñada».

PARA PARTICIPAR:

1. Poden participar todos os lectores e lectoras que estean a cursar Primaria ou primeiro ciclo de Secundaria, a través do seu centro docente ou dende a biblioteca. A Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal súmase á celebración deste concurso.
2. Escoller un libro de Hans Christian Andersen que o/a participante lese e que lle goste especialmente.
3. Debuxalo en forma de viñetas. Non menos de catro viñetas, non máis de doce viñetas co formato da banda deseñada: globos de texto, epígrafes, etc, nun máximo de 3 follas (DIN-A4).
4. Os traballos poden presentarse individual ou colectivamente.
5. En todos os traballos deberán constar os datos de identificación dos seus respectivos autores/as: Nome e apelidos, idade, ano de nacemento e curso escolar, así como o nome do profesor/a ou bibliotecario/a, o nome, dirección e teléfono do centro e un correo electrónico de contacto.

6. Os participantes poden entregar na Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal os seus traballos impresos antes das 21.00h do 16 de abril de 2018.
7. A Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal seleccionará tres traballos por cada categoría e os enviará **antes do día 23 de abril** á Organización do concurso.
8. Establécese un premio para cada unha das seguintes categorías e ámbitos lingüísticos:

Primeiros lectores (1º, 2º e 3º de Primaria)
Lectorado avanzado (4º, 5º e 6º de Primaria)
Superlectores (1º e 2º de Secundaria)

Cada un dos premios estará dotado cun diploma e un lote de libros para as e os premiados e a entidade (biblioteca ou centro docente) que presente os traballos.
9. O xurado cualificador estará integrado por representantes de cada unha das seccións da OEPLI.
10. O ditame do Premio terá lugar no mes de **maio**, antes do **día 21** e a entrega dos premios celebrarase na data e no lugar que acorde GÁLIX, Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil.
11. Non serán devoltos os orixinais aos seus respectivos autores e autoras unha vez rematado o concurso. A OEPLI poderá empregar os debuxos gañadores en diferentes soportes e usos relacionados co DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL, previa autorización de pais/titores, sen que iso supoña a obtención dalgún tipo de retribución para os/as concursantes.
12. O veredicto do premio terá lugar no mes de maio e a entrega dos premios organizarase a través de cada unha das seccións da OEPLI.
13. A presentación dos orixinais para o concurso supón a aceptación e conformidade coas presentes bases.

Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal, Tlf. 881 999 401
biblio.publica.santiago@xunta.gal (bibliotecas.xunta.gal/santiago)
Avda. Xoán XXIII, s/nº, 15704 Santiago de Compostela